

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE A.E.R. SOBRE REPAROS INTERVENCIÓNS

PLENO 5 SETEMBRO 2013. ACTA 15/2013

Moción presentada polo Grupo Municipal de A.E.R., no Rexistro Xeral do Concello, con data 30 de agosto de 2013, que transcrita di:

“Visto o informe sobre os orzamentos pechados de 2012 e observando que o número de reparos achégase a 58, dos cales temos agora coñecemento, e que como podemos ler no informe da conta xeral, advírtese, como é lóxico, “ que en ningún caso deba deducirse valoración algunha da xestión realizada polos órganos responsables da mesma...”

(“A aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas”).

Pero esta valoración dos resultados da xestión pública, posta de manifesto precisamente nos estados e contas anuais, corresponde, en primeira instancia, ós órganos xestores encargados da xestión e control político, e, en última, ó conxunto dos cidadáns.

Entendemos que non é suficiente unha valoración a posterioridos feitos consumados e que para facilitar a labor de control en prol dunha POLÍTICA REAL DE TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN cumpre artellar os mecanismos necesarios para esa participación ligada ineludiblemente a unha información permanente.

Por todo isto PROPOÑEMOS o seguinte ACORDO:

En calquera dos actos suxeitos a informe de intervención que teña como resultado un informe de reparo, este será inmediatamente comunicado aos voceiros dos grupos políticos así como a preceptiva resposta de levantamento, ou non, de dito reparo.”

VOTACIÓN E ACORDO.-

A concelleira ALONSO ALONSO di que se explicou mal. Considera que os reparos están ligados aos criterios de cada interventor no Concello. Di que van a seguir existindo a non ser que se cambien os criterios que se levan ata o de agora. A xestión do Concello esixe que se levanten eses reparos. Considera que a carga para Intervención é excesiva. Comprométese a dar explicacións e tamén a facilita-los reparos que se produzan no caso de que a oposición o demande ou cando exista un reparo importante.

A proposta do concelleiro BLANCO PÉREZ, foi retirada a Moción da Orde do Día da presente sesión.-